

RESUMEN ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 31 DE XULLO DE 2014.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.

Non hai asuntos que tratar

2º.- URBANISMO.

2.1.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar, no lugar de Cornado, parroquia de Chapa (Silleda), solicitado por ISABEL MACEIRA VIEITES e RAMÓN CUIÑA MACEIRA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: A concesión da **licencia de obra solicitada.**

2.2.- Solicitud de licenza de obra menor para modificación dos niveis das beirarrúas para cumprir accesibilidade, na praza Mestre Mateo (Silleda) presentada por DºALFONSO GONZÁLEZ CARAMÉS.

A Xunta de Goberno Local, en base ao sinalado no informe técnico anteriormente transcrito, por unanimidade acorda denegar a solicitude da licenza de obra presentada por Alfonso González Caramés para para modificación dos niveis das beirarrúas para cumprir accesibilidade, na praza Mestre Mateo (Silleda).

2.3.- Solicitud de licenza de obra maior para acondicionamento de local existente para destinar a cafetería, no lugar de Goría, nº 26 baixo, parroquia de Lamela (Silleda) presentada por DºJOSÉ COSTA FUENTES.

A Xunta de Goberno Local, en base ao sinalado no informe técnico anteriormente transcrito, por unanimidade acorda denegar a solicitude da licenza de obra presentada por José Costa Fuentes para acondicionamento de local existente para destinar a cafetería, no lugar de Goría, nº 26 baixo, parroquia de Lamela (Silleda).

2.4.- Solicitud de licenza de obra maior para construción de balsa de xurro, na parroquia de Cortegada (Silleda), solicitado por ANTONIO IGLESIAS VÁZQUEZ.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: A concesión da **licencia de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o arquitecto no informe anteriormente transcrito, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza

definitiva de actividade.

2.5.- Legalización de actividade de taller eléctrico con lavado e engraxe e cafetería, na estrada Acceso ao Recinto Feiral "Semana Verde" (Silleda), solicitado por Javier Tato López en representación de NEUMÁTICOS TATO S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Quedar enterada desta comunicación previa notificándollo ó interesado.

SEGUNDO.- Conforme o establecido no artigo 25, apartado F e artigo 26.A.1, da Ordenanza Reguladora da Apertura de Establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental:

"Art.25.- Procedemento da declaración responsable.-

F).—Posta en marcha.

1. A declaración responsable producirá efectos dende a data da súa presentación ante calquera dos rexistros que establece o artigo 38.4 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, salvo inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore esta.

2. De acordo co sinalado no apartado anterior, o exercicio da actividade pode iniciarse baixo a exclusiva responsabilidade dos titulares e técnicos, nos termos establecidos no artigo 3, que subscribisen os documentos achegados, sen prexuízo de que para iniciar a actividade haxa de dispoñerse das autorizacións ou controis iniciais que, de acordo coas normas sectoriais, sexan preceptivos."

"Artigo 26. - contestación e prazo.

A).- Control a posteriori.

1. A presentación da declaración responsable faculta a Administración municipal a comprobar, en calquera momento, a veracidade de todos os documentos, datos e cumprimento dos requisitos, de acordo cos criterios que se establezan no Plan de Inspección que, se é o caso, se elabore anualmente."

2.6.- Instalación de taller de mantemento e reparación de maquinaria agrícola e comercio minorista de toda clase de maquinaria, no Polígono Industrial Área 33, mazá 5, parcela nº 8 (Silleda), solicitado por José Manuel Vázquez Mera en representación de TALLERES ARZÚA DEZA, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Quedar enterada desta desta comunicación previa notificándollo ó interesado que é **exclusivamente para o uso "taller de mantemento e reparación de maquinaria agrícola"**.

SEGUNDO.- Conforme o establecido no artigo 25, apartado F e artigo 26.A.1, da Ordenanza Reguladora da Apertura de Establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental:

"Art.25.- Procedemento da declaración responsable.-

F).—Posta en marcha.

1. A declaración responsable producirá efectos dende a data da súa presentación ante calquera dos rexistros que establece o artigo 38.4 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, salvo inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore esta.

2. De acordo co sinalado no apartado anterior, o exercicio da actividade pode iniciarse baixo a exclusiva responsabilidade dos titulares e técnicos, nos termos establecidos no artigo 3, que subscribisen os documentos achegados, sen prexuízo de que para iniciar a actividade haxa de dispoñerse das autorizacións ou controis iniciais que, de acordo coas normas sectoriais, sexan preceptivos."

"Artigo 26. - contestación e prazo.

A).- Control a posteriori.

1. A presentación da declaración responsable faculta a Administración municipal a comprobar, en calquera momento, a veracidade de todos os documentos, datos e cumprimento dos requisitos, de acordo cos criterios que se establezan no Plan de Inspección que, se é o caso, se elabore anualmente."

2.7.- Legalización de actividade de librería, na Avenida Recinto Feiral, nº2 baixo (Silleda), solicitado por Pilar Pena Calveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Quedar enterada desta desta comunicación previa notificándollo ó interesado.

SEGUNDO.- Conforme o establecido no artigo 25, apartado F e artigo 26.A.1, da Ordenanza

Reguladora da Apertura de Establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental:

"Art. 25.- Procedemento da declaración responsable.-

F).—Posta en marcha.

1. A declaración responsable producirá efectos dende a data da súa presentación ante calquera dos rexistros que establece o artigo 38.4 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, salvo inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore esta.

2. De acordo co sinalado no apartado anterior, o exercicio da actividade pode iniciarse baixo a exclusiva responsabilidade dos titulares e técnicos, nos termos establecidos no artigo 3, que subscribisen os documentos achegados, sen prexuízo de que para iniciar a actividade haxa de dispoñerse das autorizacións ou controis iniciais que, de acordo coas normas sectoriais, sexan preceptivos."

"Artigo 26. - contestación e prazo.

A).- Control a posteriori.

1. A presentación da declaración responsable faculta a Administración municipal a comprobar, en calquera momento, a veracidade de todos os documentos, datos e cumprimento dos requisitos, de acordo cos criterios que se establezan no Plan de Inspección que, se é o caso, se elabore anualmente."

2.8.- Licenza de segregación e agrupación de parcelas no entorno da igrexa de Santa María de Cortegada (Silleda), solicitado por Carlos Fondevila López en representación da ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL CORTEGADA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Conceder á ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL CORTEGADA a licenza solicitada de segregación e agrupación de parcelas no entorno da igrexa de Santa María de Cortegada (Silleda) en base ao proxecto redactado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, e segundo o informe técnico anteriormente transcrito.

2.9.- Instalación de tenda agraria na estrada de Siador, s/n (Silleda), solicitada por Jorge Bellón Puignau, en representación de INDEGA S.C.G.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: elevar consulta á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, con competencias en protección da legalidade no solo rústico, xunto con copia da documentación aportada coa solicitude, para que emita informe no que se pronuncie sobre a **viabilidade da construción dun edificio para tenda agraria, en solo rústico de protección agropecuaria, como actividade de apoio á agricultura e/ ou gandeiría.**

2.10.- Solicitude de licenza para instalación de liña de media tensión soterrada e centro de distribución, no lugar de O Burgo, parroquia de Cortegada (Silleda) presentada por Cristina Sánchez Conde en representación de HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA, S.L.

A Xunta de Goberno Local, en base ao sinalado no informe técnico anteriormente transcrito, por unanimidade acorda denegar a solicitude da licenza de obra presentada por D^a Cristina Sánchez Conde en representación de HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA, S.L., para instalación de liña de media tensión soterrada e centro de distribución, no lugar de O Burgo, parroquia de Cortegada (Silleda)

3º.- DEVOLUCIÓN DE AVAIS.

Acordase a devolución dos avais que seguen:

- De **CONSTRUCCIONES AREAN S.L.**, solicitado por JOSE MANUEL AREAN CAMPOS, correspondente á obra "Reforma no Pavillón de Deportes de SILLEDA", por importe de 5794,57 €, con remate da obra o 23 de Agotso do 2010, sen que exista reparo algún or parte do Concello sobre a súa execución.

- De **CONSTRUCCIONES AREAN S.L.**, solicitado por JOSE MANUEL AREAN CAMPOS, correspondente á obra "Acondicionamento do Centro Social de Escuadro", por importe de 2.747,84 €, con remate da obra o 1 de Outubro do 2010, sen que exista reparo algún or parte do Concello sobre a súa execución.

4º.- SOLICITUDE DE JESUS PENELA MONTOUTO DE COMPENSACIÓN ECONOMICA DE VACACIONS NON DISFRUTADAS POR MOR DA SUA XUBILACIÓN FORZOSA.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Recoñecer a Jesus Penela Montoto, traballador municipal, o dereito a percepción económica das vacacións non disfrutadas deste ano 2014, por mor da

coincidencia coa súa xubilación forzosa o 26 de Xullo.

5º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVICIO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos a :

U.T.E. constituída por CELTA PRIX S.L. e SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.	Prezo adxudicación: 185.808,82 € anuais , IVE incluído (15.484,06 € mensuais), xunto coas melloras que constan na súa oferta.
---	--

O prezo de adxudicación é de **185.808,82 € anuais**, IVE incluído (15.484,06 € mensuais), segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto polo art. 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

6º.- APROBACION DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PARTICULARES CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE: MELLORA DE VIAS DE TITULARIEDAD MUNICIPAL PONTE, DORNELAS, ANDAMOLLO, FONTEFRÍA, SIADOR E CIRA (INCLUÍDAS NO PLAN DE MANTEMENTO DE SERVIZOS E INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS 2014-PUSIM/2014) E CONVOCATORIA DA LICITACION.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións

técnicas particulares que rexerán a contratación da obra de "MELLORA DE VIAS DE TITULARIEDAD MUNICIPAL PONTE, DORNELAS, ANDAMOLLO, FONTEFRÍA, SIADOR E CIRA", mediante procedemento negociado sen publicidade, convocando a licitación do mesmo, transcribíndose nesta Acta os Pregos.

7º.- **APROBACION DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PARTICULARES: MELLORA DA SEGURIDADE VIAL, CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA.**

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas particulares que rexerán a contratación da obra de "Mellora da seguridade vial, cascos urbanos de Silleda e Bandeira", mediante procedemento negociado sen publicidade, convocando a licitación do mesmo, transcribíndose nesta Acta os Pregos.

8º.- **APROBACION DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO, POR PROCEDEMENTO ABERTO, TRÁMITE DE URXENCIA CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas particulares que rexerán a contratación do servizo de "PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO", mediante procedemento aberto, por trámite de urxencia, convocando a licitación do mesmo, transcribíndose nesta Acta os Pregos.